



O CORNELLO DAS LENDAS E CANTIGAS (1º ESO)

A TORRE DE HÉRCULES

Hércules chegou en barca ás costas que rodean actualmente a torre e alí enterrou a cabeza do xigante Xerión, a quen vencera no sur de Iberia. Despois levatou un faro para axudar aos homes que navegaban por esa costa tan perigosa.



A COVA DA SERPE

O señor de Boade tiña unha filla moi guapa que estaba namorada dun dos seus criados. Decatouse o pai e enfadouse moito. Os mozos non querían separarse e decidiron fuxir xuntos.

Ao se decatar da súa fuxida, enviou aos outros criados na súa procura. Cando chegou a noite, os mozos, cansados, refuxiáronse nunha gran cova que había no monte.

De pronto apareceu unha serpe enorme que os atacou. O mozo loitou coa serpe para salvar a súa amada. A loita foi moi dura e ao final, o mozo matou a serpe, pero esta enroscouse ao redor del e afogouno.

Cando os perseguidores chegaron á cova, atopáronse con esta horrible escena e a moza chorando desconsoladamente.

Desde entón os montes onde se atopa a cova chámanse Montes da Cova da Serpe.

SAMIRA NICOLE CABO

A SANTA PANTASMA

Eu vou escribir algo que un bo día me contou meu avó sobre a Santa Pantasma, cousa que lle contaron os seus antepasados. O que lle dixeron era que en tempos pasados rumoreábase que polas noites, sobre todo de inverno, había xente que vía uns vultos que aparentemente parecían unha persoa cuberta cunha saba branca. A xente daquela época achacábo a ás almas en pena que viñan a resarcir os seus pecados.

Con motivo de todo isto, a xente, coa pechada da noite, metíase nas súas casas e non saía ninguén. Como en moitas destas lendas, sempre había quen sendo un pouco máis pícaro aproveitaba para facer das súas, por exemplo explicábame que algúns destes veciños máis espelidos, de noite tapaban o gando cunha saba branca para así mantelo á conta dos veciños.

E así déuselle o nome de Santa Pantasma aos vultos das almas que viñan resarcir as penas.





O CORNELLO DAS LENDAS E CANTIGAS (1º ESO)

DE ONDE VÉN O NOME DE EUROPA?

Os expertos en etimoloxías non se poñen de acordo sobre o significado de EUROPA. Para uns, o nome deriva da palabra asiria ereb, que significa o ocase e fai referencia á situación das terras ao oeste do mundo coñecido polos gregos, o lugar por onde se esconde o sol.

Para outros, a orixe estaría na expresión eur-ops que en grego quere dicir rexión extensa.

A nós gústanos máis a explicación mitolóxica: Europa era filla do rei de Fenicia. Era moi guapa, cunha pel branquísima, e que para maquillarse lle roubara os cosméticos a Hera, a muller de Zeus, o pai de todos os deuses.

Zeus, que era moi namorado e percorría a terra á procura de "contactos", como era previsible namorouse de Europa e, para conquistala, converteuse nun touro branco. Europa estaba a xogar coas súas amigas na praia cando chegou Zeus. Ela dirixiuse a el enfeitizada polo deus. Subiu sobre o seu lombo e adentrouse no mar, chegando á illa de Creta, onde viviron o seu amor.

Cando Europa morreu, recibiu honores divinos. O touro cuxa forma adoptou Zeus converteuse na constelación de Tauro, e o continente ao que a levou recibiu o nome de Europa.

LORENA AMBROSIO E SORAYA BLANCO, S1A



O CASTRO PEDRO

Un rapaciño de Ordes andaba gardando o gando e ao chegar ao castro apareceu unha muller que levaba moitas cousas e que lle preguntaron que era o que máis lle gustaba. El díxolle que unhas tesoiriñas e ela mandoulle que fose ao día seguinte por elas, que llas había dar, pero que tiña que levar un molete de pan e unha cunca de manteiga.

Ao día seguinte, o rapaz foi ao castro e sentou encima dunha pedra, pousando a cunca e mais o molete. Cando quixo erguerse, notou que estaba pegado á pedra; iso pasáralle por non gardar o segredo que a moura lle encargara.

Chegando a noite, oíu unha voz que lle dixo:

- "Neniño, vaite, que teñen moita pena por ti na túa casa".

O rapaz marchou, pero a manteiga e o pan quedaron pegados á pedra para sempre.

IGNACIO PARRADO RODRIGUEZ

A FONTE SECA

Érase unha vez unha vella que ía por auga á fonte, pero estaba seca e entón púxose a rozar e chegaron dous homes discutindo; de repente saíu un cabalo e matou aos dous homes, e o vello de tanto rezar fixo que a fonte volvese botar auga.

DAVID MARTÍNEZ BARCIA S1B



O CORNELLO DAS LENDAS E CANTIGAS (1º ESO)

REFRÁNS

- Xente nova e leña verde todo é fume.
- En abril, augas mil
- Polo San Martiño, colle o porco polo fuciño.
- Marzo, marzán, cara de can.
- A castaña en agosto arder, en setembro beber.
- A cabra co vicio dá cos cornos no cu.
- En maio aínda a vella queima o tallo.
- Os trebóns de abril enchen o carro ao carril.
- Entre marzo e abril, ou o cuco ou o fin.
- Por Santos, neve nos campos.

CRISTINA CORRAL, S1C

CANTIGA POPULAR

Teño unha herba na horta,
tapadiña cunha lousa,
para che meter a túa lingua
que non vale para outra cousa.

Teño unha herba na horta
que lle chaman Barburiña,
para contestar comigo
tes a color da morriña.

Teño unha herba na horta
que lle chaman teno-teno,
para contestar comigo
vaite de aí burro pequeno.

Teño unha herba na horta
que lle chaman Paco Marolo,
para contestar comigo
morena, dálle á carta pouco vuelo.

RECOLLIDA POR DIEGO BERNÁRDEZ SÁNCHEZ, S1D

REFRÁNS ILUSTRADOS POR PATRICIA SOUTO BLANCO, S1D

Auga de Xaneizo,
cada gota
vale diñoizo.



En agosto secan os
montes,



e en setembro os
fontes.



Cando chove e
fai vento, cessa a
poza e estada
dento.



Tabaco, viño e melles.
botan o home a pestes.

